

PLAN DIXITAL

CEE MANUEL LÓPEZ
NAVALÓN

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Datos Centro			
Centro	CEE Manuel López Navalón	Código centro	15027502
teléfono	981562977	FAX	
Enderezo	Casas do Rego, 20	Código Postal CP	15898
Localidade	Santiago de Compostela	Provincia	A Coruña
Correo e	cee.navalon@edu.xunta.es	Páxina web	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceenavalon/

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O colexio Manuel López Navalón é un centro de educación especial que ofrece unha proposta educativa en dúas etapas, ámbitos ou modalidades: educación básica e formación profesional mediante os programas formativos de formación profesional básica para alumnado con necesidades educativas. Na educación básica existe a modalidade de educación combinada con outros centros ordinarios, tanto de educación secundaria obrigatoria como de educación primaria. Tamén ofrece atención e servizos de logopedia con carácter ambulatorio dende o Centro de Recursos.
- A procedencia do alumnado do centro é diversa, na meirande parte das distintas bisbarras da provincia e de bisbarras próximas de Pontevedra, cun nivel económico medio-baixo e socialmente unha grande parte das familias do alumnado están atravesando dificultades de diversa índole. Os recursos culturais dispoñibles na casa son limitados, non todo o noso alumnado dispoñe de ordenador e/ou conexión a Internet, etc. Unha parte das familias do centro non está alfabetizada dixitalmente aínda que progresivamente vai aumentando o acceso ás TIC por parte dos mesmos. A fenda dixital en moitos casos é unha realidade que condiciona a situación dos fogares ao respecto.
- Os centros educativos forman parte dun mundo nun proceso de transformación permanente e dunha sociedade cada vez máis dixitalizada, velaí a razón pola que os centros educativos deben dar respostas a esas necesidades e demandas da sociedade para poder formar cidadáns e cidadás do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada.

- O mundo dixital xa forma parte das nosas vidas cotiás e tamén vai ocupando espazos nos contextos educativos. Nas distintas actividades que desenvolvemos decote en escolas, colexios e na diferente tipoloxía de centros educativos.
- A Educación é un recurso chave para asegurar a igualdade social, a promoción das persoas e máis xenericamente a mellora das condicións de vida das comunidades. Así pois, a Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais, que á súa vez permitan aproveitar as oportunidades. Por outra banda, as organizacións educativas teñen a necesidade de revisar as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais. Mediante o presente plan, preténdese:
 - Avaliar a situación dun centro educativo con relación ao uso da innovación e as TIC nos distintos elementos chave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes, para poder, a continuación, deseñar e emprender un proceso de transformación no centro.
 - Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso chave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
 - Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
 - Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura de dixital nas mesmas

O presente Plan Dixital de Centro, quere evidenciar a nosa forma de traballar con tecnoloxía dixital. Recolle as estratexias, a organización dos recursos e os procesos de ensinanza aprendizaxe necesarios para conseguir un óptimo desenvolvemento da competencia dixital da nosa comunidade educativa e do alumnado, contribuíndo desta forma a súa formación integral.

- O centro incorporará o Plan Dixital aos documentos oficiais, contribuíndo a que a Programación Xeral Anual do curso 22/23 recolla como un dos seus obxectivos o fomento do uso das novas tecnoloxías, dotando o alumnado da capacidade de utilizalas e de aprender a través delas. Este obxectivo favorece, a un tempo, a consecución dunha formación integral do alumnado, finalidade mesma da educación.

1.3. Breve xustificación do mesmo

En liña coas orientacións establecidas no Plan de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea e no marco do Plan de Acción de Educación Dixital (2021-2027), a Consellería

de Cultura, Educación e Universidade persegue a transformación dixital dos centros educativos de Galicia como organizacións a fin de que sexan dixitalmente competentes nos procesos de ensino- aprendizaxe, de xestión e de relación o que require de un proceso de mellora das competencias dos membros da comunidade educativa que se deberá recoller nun Plan Dixital do Centro como organización.

O plan dixital de centro, é un instrumento de planificación que debe estar integrado no Proxecto Educativo, segundo recolle a LOMLOE no seu artigo único. Modificación da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, punto 62, apartado 1 “O proxecto educativo do centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, da cordo co establecido no artigo 111 bis.5.”, co fin de desenrolar a competencia dixital da comunidade educativa, promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos educativos dixitais.

Este plan debe construírse ca participación de todos os sectores da comunidade educativa de modo que se converta nun proxecto compartido. De igual modo, conforme a disposición adicional décima da mencionada lei, o Plan de Continxencia para situacións de emerxencia conterá as medidas que garantan a competencia dixital do alumnado e profesorado, reducindo no posible as fendas dixitais de acceso e uso, e as previsións para a revisión dos elementos do currículo e das programacións didácticas centradas nos aspectos máis competenciais do mesmo.

Durante os curso 2021/2022 cada centro elaborará o seu plan dixital, segundo as instrucións que se diten, tal e como recolle a resolución do 17 de xuño de 2021 na súa disposición adicional quinta da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional. E na resolución do 18 de xuño de 2021 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021/2022.

Por último citar a resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro debe recoller as ideas principais que avalía SELFIE, determinar as prioridades e establecer os seguintes niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora, en definitiva, unha boa estratexia para mellorar a dixitalización do noso centro escolar.

Durante o curso 2021/22 o Coordinador TIC do Centro realizou un curso de formación para a elaboración do Plan Dixital do centro. Esta formación supuxo a base sobre a que se xestou a elaboración deste documento. Coa participación

do profesorado e o alumnado na recollida de datos con SELFIE, conseguimos que todos os actores educativos, salvo as familias, participen na elaboración do Plan Dixital do Centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- *Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro:*
 - *Conectividade: Tanto no informe DAFO como no informe Selfie recóllense datos significativos da necesidade dunha mellora na conexión do centro á rede, nomeadamente, na rede sen fíos no andar do soto do edificio na que se atopa a biblioteca e o espazo do Polo Creativo, así como as aulas obradoiro. Ademais precisaríase un incremento da cualidade desa conectividade. A rede WIFI presenta moitas caídas de sinal e oscilacións na cualidade da mesma.*
 - *Infraestruturas de voz e de datos (conexións por cable e sen fíos). Tódolos as aulas e espazos educativos dispoñen dun punto de conexión para cable e contan con acceso á WIFI.*
- *Equipamento dispoñible e identificación dos usos segundo as seguintes categorías:*
 - *aulas dixitalizadas: Todas as a aulas contan cun ordenador e proxector dixital. En total son oito aulas, dúas das cales dispoñen dunha PDI (encerado dixital interactivo), unha pizarra dixital non funciona. Os equipos informáticos das aulas son varios deles de 2010 , e outro de 2016*
 - *Biblioteca: é un espazo ben dotado de diferentes dispositivos dixitais a partir da participación do centro no PLAMBE e as aulas makers que se incorporaron dentro destes proxectos. O equipamento recolle distintos proxectores, dous ordenadores, impresoras 3D.*
 - *equipos na salas de profesorado: A sala do profesorado conta con 3 ordenadores do ano 2010, as súas funcións son limitadas, respondendo a elementos básicos como procesador de texto e acceso a internet. Están conectados a equipos de impresión,*
 - *Aula de informática: A aula de informática conta con sete equipos de 2010.*
 - *Centro de recursos conta con dous equipos de 2010*
 - *equipos de xestión e administración: Os equipos situados en administración,*

- *Servizos dixitais educativos: servizos corporativos ou non corporativos que facilitan a xestión docente*
 - *O centro conta con páxina web e aula virtual .*
- *Xestión do mantemento do equipamento do centro. O mantemento do equipamento do centro realízase nun primeiro momento polo Equipo de Dinamización das Tics e si é preciso por unha empresa externa.*

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: Incluímos a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO (EBO)	Bacharelato	FP (PFFPB)	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo		3,3		3,1	
	Profesorado		3,5		2,7	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo		3,1		2,8	
	Profesorado		3,1		2,2	
	Alumnado		1,7		2,9	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo		2,9		2,6	
	Profesorado		2,8		2,8	
	Alumnado				2,8	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo		3,6		3,1	
	Profesorado		3,8		3	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo		3,3		3	
	Profesorado		3,5		2,9	
	Alumnado		3,2		2,6	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo		3,2		2,9	
	Profesorado		3,2		3,2	
	Alumnado		3		2,8	
G- Prácticas de avaliación	Equipo		2,7		2,5	
	Profesorado		2,9		2,3	
	Alumnado		2,2		2,6	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo		2,8		2,8	
	Profesorado		3,2		2,8	
	Alumnado		2,9		2,9	

Test CDD: TEST COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

O Test da competencia dixital docente ofrécenos estes resultados.

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	6	8	75%
PROVISIONAL	8	8	100%
INTERINO	3	7	42,9%
SUBSTITUTO	1	3	33,3%
DESAPRAZADO	-	-	-

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
74,7%	Integrador/a (B1)	76,4%	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	78,2	INTEGRADOR/A B1	79,7	INTEGRADOR/A
PRIM	60	EXPLORADOR/A A2	77,3	INTEGRADOR/A
F.P	57,7	EXPLORADOR/A A2	71,3	INTEGRADOR/A

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	9	50%
B1	5	27,8%
B2	3	16,7%
C1	1	5,6%
C2		
TOTAL	18	100,1%

2.3 Análise DAFO

A partir das informacións obtidas no informe Selfie e no test de competencia dixital docente elaboramos este informe DAFO no que reflectimos a situación actual do noso centro no que respecta ao ámbito dixital no noso centro.




Ilustración 1 SINTESE INFORME DAFO Plan Dixital Cee Manuel López Navalón

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		EQUIPAMENTO OBSOLETO. NECESIDADE DE RENOVACIÓN DE EQUIPOS (computadores; tablets E pantallas para as aulas)
	PERSONAL DOCENTE	IMPLICACIÓN, COMPROMISO	NECESIDADE DE FORMACIÓN
	PERSONAL NON DOCENTE	IMPLICACIÓN	NECESIDADE DE FORMACIÓN
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		FENDA DIXITAL E ALFABETIZACIÓN DIXITAL
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	EXPECTATIVA PLAN DIXITAL	
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

O Plan de acción deste plan dixital pretende responder a tres liñas de acción sintetizadas nestes 3F: FERRAMENTAS, FORMACIÓN, FOMENTO.

Con respecto a:

- **FERRAMENTAS:** O centro precisa dunha renovación importante de equipos (ordenadores) e outros dispositivos, como sería a substitución das PDI por tecnoloxías actuais que substitúen a estes elementos. Neste aspecto é importante ter en consideración a nosa diversidade e como neste apartado precisamos ferramentas axeitadas para determinados casos (SAAC).
- **FORMACIÓN:** Sería moi interesante ter unha formación cada inicio de curso para activar diversos aspectos e desenvolver os distintos sectores da comunidade educativa.
- **FOMENTO:** As ferramentas (hardware e software) deben promover o uso das tecnoloxía e dos contidos dixitais dende unha perspectiva diversa e normalizadora e a un tempo funcional.
 - *Diversa:* o noso centro pola súas características contempla esa diversidade de acceso aos contidos dixitais.
 - *Normalizadora:* O uso dos contidos dixitais e a súa creación deben ser abordados dende o galego.
 - *Funcional:* O emprego de software de uso cotián e frecuente na vida diaria.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Os obxectivos que se indican neste plan de acción constitúen un punto de partida para os próximos cursos, e recollen as propostas en consonancia coas 3F expostas no punto inicial: ferramentas, formación e fomento, igualmente os indicadores e accións concretas para levalos a termo. Todas estas cuestións expóñense nas táboas axuntas nas próximas páxinas en formato apaisado.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Indicar:

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas: Como se indicou no punto 2 precisamos melloras na conexión do centro á rede, nomeadamente, na rede sen fíos no andar do soto do edificio na que se atopa a biblioteca e o espazo do Polo Creativo, así como nas aulas obradoiro. Ademais precisaríase un incremento da cualidade das conexións. A rede WIFI presenta moitas caídas de sinal e oscilacións na cualidade da mesma.

Necesidades de equipamento Os equipos do que dispoñen as aulas están operativos pero a meirande parte deles son do 2010 co que se precisa unha renovación xeneralizada dos mesmos, tanto nas aulas como na sala do profesorado, aulas obradoiro e outras dependencias como a Residencia Escolar.

Nestas necesidades de equipamento habería que incluír dispositivos que permitiran unha dixitalización efectiva das aulas pois a día de hoxe, só existen equipos de proxección que non permiten a interacción dixital. Á hora de dotar un centro educativo de Educación Especial hai que considerar as súas necesidades de partida e a diversidade das mesmas .

Baixo a nosa opinión cremos moito máis acaída para o noso centro as PANTALLAS INTERACTIVAS PARA AULA que a dotación de PDI , que esixen tarefas de calibrado, posúen menos luminosidade e a por tanto non responden á diversidade visual que temos no centro.

Por outra banda unha boa dotación de equipos dixitais (tables e ou ultraportátiles) implicaría unha ruptura da fenda dixital que evidencia o informe selfie e o DAFO elaborado durante este curso no noso colexio.

Necesidades de servizos dixitais educativos A este respecto consideramos a necesidade de realizar unha reflexión en distintos ámbitos:

- ***Ámbito da funcionalidade:*** Desde esta perspectiva cremos necesario enfrontar a nosa proposta educativa dende o acceso a programas e a software estandarizado nos contornos cotiás. Sobre todo nos programas formativos da FPB que desenvolvemos pois o noso alumnado vai enfrontar nas súas prácticas o emprego de ferramentas dixitais estendidas nos contextos profesionais.
- ***Ámbito da diversidade:*** A diversidade do noso centro contempla o uso de ferramentas específicas deseñadas dende os SAAC (Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación), así programas como o **GRID** ou o **TOBII**, ou programas como o **LET ME TALK** son necesarios e sería recomendable crear unha banco de recursos destas aplicacións, sendo a administración quen posibilitara o acceso aos mesmos.
- ***Ámbito da Lingua:*** Precisamos unha mellora na cantidade e calidade de ferramentas que empreguen o galego, para acadar unha normalización dixital, así como ferramentas que permitan a creación de materiais por parte do profesorado, nese sentido as aulas virtuais e as contornas virtuais son susceptibles dunha mellora a fin de facer posible un acceso atractivo aos mesmos por parte do profesorado e alumnado.

“Área/s de mellora”: C: Infraestrutura e Equipos. C2: Dispositivos dixitais para a ensinanza/aprendizaxe						
1. OBXECTIVO (3):	Actualizar e renovar os dispositivos dixitais do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Cantidade de dispositivos actualizados e renovados					
Valor de partida (3)	Ningún dispositivo actualizado e renovado					
Valor previsto e data (4)	100% dos dispositivos actualizados e renovados.			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Nomeamento do responsable encargado de comprobar o funcionamento dos equipos	Equipo directivo	Setembro 2022	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Reorganizar horarios para que o coordinador teña disponibilidad horaria para realizar a tarefa	Equipo directivo Inspección	Setembro 2022	Persoa coordinadora		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Inventariar e avaliar o estado do equipamento dixital do centro	Persoa coordinadora	1º Trimestre	Persoa coordinadora Partes de incidencias do estado dos equipos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: Actualizar e renovar o equipamento dixital do centro e recoller achegas do profesorado sobre as necesidades tecnolóxicas para a súa labor docente.	Persoa coordinadora Amtega	3º Trimestre	Persoa coordinadora Amtega		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": C: Infraestrutura e Equipos.							
2. OBXECTIVO (1):	C.16 Crear repositorios ou bibliotecas en liña que conteñan materiais para a ensinanza/aprendizaxe.				Acadado		
RESPONSABLE:	Dirección e coordinador TIC				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Existencia dun repositorio na Aula Virtual do centro con materias de ensinanza/aprendizaxe para as diferentes áreas						
Valor de partida (3)	Inexistencia de repositorio						
Valor previsto e data (4)	Existencia de repositorio			Remate do curso 2022/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO2.1: Establecer unha liña de formación interna sobre o uso da AV ou solicitar o CAFI un PFPP	Equipo directivo Coordinador/a TIC	1º Trimestre	Coordinador/a TIC e/ou persoal docente do centro con competencia dixital suficiente.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.2: Crear unha unidade de aprendizaxe na AV como repositorio/biblioteca con materias de E/A dixitais	Equipo directivo Coordinador/a TIC	2º Trimestre	Pc's Acceso a Aula Virtual do centro.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO2.3: Crear un grupo colaborativo para deseñar e crear contidos dixitais das diferentes áreas	Coordinador/a TIC Equipo directivo	3º Trimestre	Pc's Grupo colaborativo de docentes			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

"Área/s de mellora": Área E: E3: Emprego de entornos virtuais de aprendizaxe						
3. OBXECTIVO (1):	Solicitude do proxecto Edixgal				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Persoa responsable dos trámites de solicitude					
Valor de partida (3)	0 Personas nomeadas					
Valor previsto e data (4)	1 Persoa nomeada			Convocatoria		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1:Convocatoria do claustro para votar a proposta proxecto Edixgal	Equipo directivo	Final do primeir trimestre	Sala de reunións Correo electrónico Acta		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2:Solicitude o CAFI dun PFPP sobre Edixgal	Coordinador Edixgal	Primeira semana do segundo trimestre	Correo electrónico Pc Aula de informática		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3:Trámites burocráticos para solicitar o proxecto Edixgal	Equipo directivo	Final tercer trimestre	Correo electrónico		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": G: Prácticas de Avaliación						
4. OBXECTIVO (1):	G1 Avaliación das capacidades				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección e coordinador TIC e profesorado das áreas implicadas				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de probas creadas na Aula Virtual Moodle					
Valor de partida (3)	0 Probas creadas					
Valor previsto e data (4)	1 Proba creada			Remate do curso 2022/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1:Matrícula do alumnado na AV do centro	Coordinador TIC	Setembro 2022	Aula Virtual do Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Formación sobre probas na AV para avaliar o alumnado: Bancos de preguntas.	Coordinador TIC CAFI	Outubro 2022	Aula Virtual do Centro		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Creación de preguntas de diferente tipoloxía e categorización das mesmas en bancos de preguntas dentro dos cursos	Coordinador/a TIC Equipo directivo	3º Trimestre	Pc's Grupo colaborativo de docentes		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Este plan está orientado á mellora do acceso e a xestión dixital do centro por parte de toda a comunidade educativa.

A avaliación do Plan será de Proceso e orientada á mellora dos usos e emprego das TICS no centro. Realizaremos unha avaliación continuada con reunións de seguimento das accións propostas de carácter trimestral, para constatar en que medida imos aportando solución dende o contexto educativo do centro e dende a administración educativa. O contido desas xuntanzas recolleranse nun acta e os resultados comunicaránse aos órganos competentes.

O remate da cada curso realizarase unha valoración dos logros e dos asuntos pendentes e redactarase unha memoria co contido desa análise. Esa análise constituirá o comezo da programación para o vindeiro curso

5. Difusión do plan

O Plan Dixital do centro terá difusión a partir da súa aprobación na páxina dixital do centro <https://www.edu.xunta.gal> > centros > ceenavalon e nas canles oportunas que considere o Consello Escolar do Centro.